

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE ABRIL DE 2016**

**LICENZAS  
FAVORABLES**

LIC/1396/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder a licenza de obras para a instalación dun ascensor na rúa Sar (de) nº 74.

LIC/695/2015.- LUIS VÁZQUEZ MELLA.- Conceder a licenza para a execución das obras de fachadas de local comercial sen uso na rúa San Marcos (de), nº 21-23.

LIC/95/2016.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Conceder a licenza para executar as obras de reparación do tellado da igrexa de Santo Agostiño sita en rúa Santo Agostiño (de).

LIC/374/2014.- CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR – SECRETARIA XERAL TÉCNICA.- Conceder a licenza para a construción de centro de transformación e centro de sectionamento no CEGADI en rúa Queixume dos Pinos (de) nº 2.

LIC/1008/2015.- MARIA ISABEL NIETO SUAREZ.- Aceptar a cesión de terreo con destino a viario e conceder a licenza para a construción dunha edificación auxiliar destinada a garaxe en lugar de Albudiño nº 2.

**PRÓRROGAS.-**

LIC/1902/2015.- SALOMÉ GARCÍA SOUTO.- Conceder a prórroga solicitada para o inicio das obras autorizadas por licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2015, para ampliación (ampliación de establo e construción de fosa para zurro e anexos) da explotación de gando vacún leiteiro en lugar de Paradelas de Abaixo, 1-2.

LIC/126/2016.- MARCOS ANTONIO TROITIÑO PICON.- Conceder a prórroga solicitada da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de xaneiro de 2013, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Rúa Trompas (das) nº 3.

LIC/185/2016.- JOSE ANTONIO TABOADA NUÑEZ.- Conceder a prórroga solicitada para o inicio das obras da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 para a construción dunha vivenda unifamiliar en rúa Teo (de) nº 29.

**DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-**

LIC/408/2015.- SUSANA VIDAL LEIS.- Non acceder á devolución das fianzas solicitadas, dado que ningunha delas figura depositada no Concello. O importe das fianzas constituídas, pero non depositada no Concello é de 1.500 € (en garantía dos gastos de urbanización) e 600 € (en garantía das obrigas de reparación de posibles danos en bens ou servizos públicos).

LIC/242/2016.- MARIA BEGOÑA PEREIRA POMBRIEGO.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de xaneiro de 2012, por importe de 600 €.

LIC/222/2016.- BEATRIZ RODRÍGUEZ COUSELO.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xaneiro de 2010, por importe de 1.500 €.

LIC/219/2016.- BEATRIZ RODRÍGUEZ COUSELO.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xaneiro de 2010, por importe de 3.000 €.

LIC/203/2016.- ROBERTO PAMPÍN TATO.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 29/11/2012, por importe de 600 €.

LIC/201/2016.- ROBERTO PAMPÍN TATO.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 29/11/2012, por importe de 1.000 €.

LIC/209/2016.- JOSÉ ÁLVARO SOBRINO BALSA.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 26/05/2009, por importe de 1.500 €.

LIC/210/2016.- JOSÉ ÁLVARO SOBRINO BALSA.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 26/05/2009, por importe de 6.000 €.

LIC/987/2015.- MANUEL RODEIRO TATO.- Acordar a devolución da fianza depositada en garantía do 15 % do aproveitamento urbanístico por importe de 3.375,94 €.

LIC/47/2016.- RESIDENCIAL LAS CAMELIAS, S. L.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 2 de xullo de 2007, por importe de 2.000 €.

LIC/1818/2014.- JOSÉ MANUEL NOYA ADAN.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía das obras de urbanización vinculadas á licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de febreiro de 2011, por importe de 21.512,91 €.

LIC/538/2015.- JOSÉ MANUEL NOYA ADÁN.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía dos posibles danos aos servizos e espazos públicos nos termos previstos na licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de febreiro de 2011, por importe de 3.000 €.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras para a instalación dun ascensor na rúa Sar (de) nº 74. LIC/1396/2015. Apróbase a proposta.**

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a execución das obras de fachadas de local comercial sen uso na rúa San Marcos (de), nº 21-23. LIC/695/2015. Apróbase a proposta.**

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reparación do tellado da igrexa de Santo Agostiño sita en rúa Santo Agostiño (de). LIC/95/2016. Apróbase a proposta.**

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción de centro de transformación e centro de seccionamento no CEGADI en rúa Queixume dos Pinos (de) nº 2. LIC/374/2014. Apróbase a proposta.**

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de terreo con destino a viario e conceder a licenza para a construción dunha edificación auxiliar destinada a garaxe en lugar de Albudiño nº 2. LIC/1008/2015. Apróbase a proposta.**

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión da prórroga solicitada para o inicio das obras autorizadas por licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2015, para ampliación (ampliación de establo e construción de fosa para zurro e anexos) da explotación de gando vacún leiteiro en lugar de Paradelas de Abaixo, 1-2. LIC/1902/2015. Apróbase a proposta.**

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión da prórroga solicitada da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de xaneiro de 2013, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Rúa Trompas (das) nº 3. LIC/126/2016. Apróbase a proposta.**

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión da prórroga solicitada para o inicio das obras da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 para a construción dunha vivenda unifamiliar en rúa Teo (de) nº 29. LIC/185/2016. Apróbase a proposta.**

**10.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativas a devolucions de fianzas. Apróbanse as propostas.**

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade para rexeitamento da devolución das cotas de urbanización ingresadas por D. Severino Romay Ferro con motivo das licenzas de edificación 890/2000 e 2418/2000 do PERI DE CORNES. Apróbase a proposta.**

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade para a autorización do reinicio das obras na zona de suspensión 1 no expediente de mellora da mobilidade e accesibilidade do Barrio de Vista Alegre. Acórdase**

reiniciar as obras que foran suspendidas de xeito temporal por orde da Xunta de Goberno do 8 de xaneiro, por afectarlle a ámbitos nos que colindaban as Fases II e III do proxecto, e que non podían avanzar ata que se puideran coordinar ambas Fases.

**13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ás obras para a mellora de mobilidade e accesibilidade barrio Vista Alegre - Fase II. Subcontratación das obras por parte de EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.** Comunícase á Xunta de Goberno que a empresa Petrolam A Veiga, titular do contrato para a execución das obras de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre, Fase II, subcontratará coa empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA unha serie traballos que define e cuantifica nun 26.19 % do importe total (688.187,21 euros máis IVE)

**14.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á corrección de erros no punto 7 da sesión de 30 de decembro de 2015, relativo á xustificación de convenios e subvencións.** Apróbase a proposta.

**15.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas a desestimación e desestimento de diversas solicitudes de axudas de carácter social.** Apróbase a proposta.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Turismo relativa á solicitude de subvención á Deputación provincial da Coruña para o financiamento de actividades de cesión de marca e patrocinio do evento Womex 2016.** Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha axuda por importe de 215.000 euros, para o financiamento do Womex 2016, que terá lugar en distintos espazos da cidade do 19 ao 23 de outubro.

**17.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do "Servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago".** Apróbase a adxudicación do contrato a favor da empresa ACEINSA Movilidad S.A, por un importe máximo de 416.809,33 euros/ano máis IVE, ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

**18.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á prórroga do "Contrato Administrativo Especial para a Conservación e Mantemento do Cemiterio municipal de Santiago de Compostela".** Acórdase prorrogar o contrato asinado coa sociedade Funeraria Tanatorio Apóstolo Santiago S.L. polo prazo dun ano, a contar desde o 12 de abril de 2016 ata o 11 de abril de 2017, por un importe total de 141.207,87 euros.

**19.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á prórroga do contrato de xestión do servizo da escola infantil de Meixonfrío-Salgueiriños.** Apróbase a prórroga do contrato de xestión do servizo coa empresa SERMASA ata o 18 de abril de 2017, por un importe total de 278.054,95 euros.

**20.- Recoñecemento extraxudicial de crédito.** Apróbase a proposta

**21.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello para actividades de divulgación científica sobre o medio ambiente.** Dáse conta

## **URXENCIAS**

**1.-Prórroga do contrato de xestión do servizo de recollida de Residuos Sólidos Urbanos, limpeza viaria explotación de puntos limpos e mantemento de contedores e papeleiras, coa empresa URBASER S.A.** Autorízase unha prórroga por un ano do contrato, que rematará o 17 de abril de 2017. O importe mensual queda fixado en 589.442,25 euros máis IVE, se ben a partir do 1 de outubro de 2016 este canon baixará a 583.243,30 euros porque quedarán totalmente amortizados varios vehículos tanto de limpeza como de recollida.